CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Expresa a súa opinión de xeito guiado sobre unha manifestación artístico nunha situación de intercambio comunicativo.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Fai algunha aportación de xeito guiado nas situacións virtuais de intercambio comunicativo.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Participa en actividades de creación con ferramentas dixitais para crear, con axuda, produtos propios e creativos.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses

Contidos

- para a interpretación e a comprensión.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.
- Discriminación de sons e identificación da fonte sonora.
- Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O enfoque que se segue na aula é o constructivista, ó longo do curso levaranse a cabo proxectos, secuencias didácticas,... tamén se desenvolverán diariamente diferentes actividades: asamblea, traballo por recunchos,...

Estos principios concretaranse en cada área a través das seguintes puntualizacións metodolóxicas:

- Partiremos do nivel de desenvolvemento psicoevolutivo a nivel afectivo-social, cognitivo e motriz de todo o alumnado para facilitar a construción dos seus propios coñecementos.
- Teremos en conta os seus coñecementos e experiencias previas fomentando así a aprendizaxe significativa, traballando na zona de desenvolvemento próximo.
- Teremos en conta os seus intereses, necesidades e propostas, garantindo a motivación cara a aprendizaxe.
- As nenas e nenos destas idades han de aprender facendo, nun proceso que require observación, manipulación, experimentación, reflexión e poñer en xogo diferentes habilidades de pensamento.
- Darémolle ao noso alumnado oportunidades para que realicen actividades de forma autónoma, tomen a iniciativa, planifiquen e secuencien a propia acción. É importante ofrecerlle ás nenas e aos nenos situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións.
- Valoraremos máis os acertos que os erros e corrixiremos todo. Crearemos un clima de aceptación e respecto mutuo no que equivocarse sexa un paso máis no proceso de aprendizaxe, no que cada neno e nena se sintan retados e ao tempo con confianza para pedir axuda.
- Reforzaremos en todo o alumnado a súa autoestima, valorando as súas capacidades e facéndoos conscientes das súas limitacións.

Principio de globalización.

Os nenos e nenas a estas idades teñen unha visión global do mundo, non dividido en compartimentos estancos. O principio de globalización supón que aprender esixe establecer conexións entre o novo e o xa coñecido, experimentado ou vivido. Por iso presentaremos os contidos relativos ás distintas áreas de xeito dinámico e interrelacionado, así como poñer en conexión as diferentes linguaxes expresivas e comunicativas. As propostas didácticas terán como punto de partida situacións globais -situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de diversa índole¿- nas que se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas.

Aprendizaxes significativas e funcionais.

Aprender de forma significativa require establecer numerosas relacións entre o que xa se coñece e o que se ten que aprender, ten como resultado a integración dos coñecementos, o que permitirá aplicar o aprendido nunha situación a outras e a contextos diferentes.

A aprendizaxe significativa supón un proceso de construción de significados no que as nenas e nenos, coas súas experiencias e coñecementos previos, xeralmente en interacción coas demais persoas, achéganse a novos coñecementos.

Desenvolveranse proxectos globalizados que respondan aos intereses das nenas e nenos, que teñan sentido, organizados en secuencias de aprendizaxe, e que os impliquen activamente e desenvolvan todas as súas dimensións.

O rol das persoas docentes.

Aspectos que teremos en conta en canto a nosa actitude e intervención:

- A intervención da persona docente (guiando, animando, apoiando, abrindo novos camiños, suxerindo...) estimulará a creatividade da criatura e contrarrestará estereotipos e convencionalismos.
- Será convinte que a mestra ou o mestre se sitúe a miúdo á expectativa, cunha actitude de espera con respecto ás respostas do alumnado e cunha actitude de escoita activa.
- Ofreceremos un modelo de linguaxe rico e correcto, xa que a competencia lingüística da nena ou neno depende da calidade e riqueza da linguaxe que escoita ao seu arredor.
- Planificaremos situacións que supoñan para o alumnado pequenos retos que actúen como estímulos para avanzar, evitando as valoracións negativas e destacando as posibilidades das nenas e nenos para ir superando as dificultades pouco a pouco e promovendo os logros e as competencias.
- Propiciaremos experiencias onde teñan cabida as relacións con nenas e con nenos doutras aulas e con persoas adultas, xa que así non só se contribúe en gran medida a que as nenas e os nenos vaian ampliando as súas relacións, senón que permiten descentrar positivamente a tarefa educativa da persoa docente e da aula.
- Exerceremos como modelo de escritor/a e lector/a competente, pero non como unha práctica pouco programada senón de maneira sistemática, escribindo notas informativas, recollendo propostas, escribindo textos colectivos, individuais¿ lendo contos, cartas, textos científicos¿ e será modelo realizando tanto escrituras e lecturas en voz alta

como en silencio.

-Promoveremos o diálogo e o intercambio de opinións sobre calquera tema que se este investigando na aula.

-Seremos prudentes á hora de facer valoracións sobre as producións infantís para preservar a espontaneidade da creación fronte aos estereotipos e aos criterios preestablecidos de beleza ou perfección.

-Fronte ás creacións e expresións artísticas das nenas e dos nenos é importante que apreciemos todas estas manifestacións validándoas e valorándoas como orixinais, particulares e propias.

-Unha das tarefas docentes máis importantes é a creación dun ambiente de confianza, cálido, acolledor e seguro no que o alumnado se sinta querido e capaz, o que lle permitirá xerar confianza en si mesmo para afrontar os retos e para adquirir os instrumentos e as estratexias que lle permiten acceder ao coñecemento.

O xogo como actividade propia desta etapa.

O xogo ten un papel moi importante no desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social xa que permite expresar sentimentos, comprender normas, desenvolver a atención, a memoria ou a imitación de condutas sociais.

Destacamos a importancia do xogo como actividade propia desta etapa. O xogo é un elemento educativo de primeira orde para desenvolver os contidos referidos ás linguaxes, polo seu carácter motivador, polas posibilidades que lle ofrece á criatura para que explore distintas maneiras de expresión e por permitir a interacción entre iguais e coa persoa adulta.

Ambiente cálido e acolledor.

Crearemos un ambiente cálido, acolledor e seguro, no que o alumnado se senta querido e confiado para poder afrontar os retos e as novas aprendizaxes.

Xeraremos un ambiente físico de aprendizaxe grato, afectivamente significativo e esteticamente agradable que lle permita ás criaturas sentirse cómodas, seguras e acollidas.

Teremos altas expectativas nas posibilidades das nenas e dos nenos en tódolos planos e darémoslles sinais claras das súas potencialidades, animando e preocupándonos de que as criaturas poidan superar desafíos, perseverando e desenvolvendo a tolerancia e a frustración.

ACTIVIDADES

Teremos en conta que toda a actividade que realizan as nenas e os nenos ao longo da xornada escolar é potencialmente educativa, nada do que se fai na aula resulta indiferente, e así é como debe considerarse na súa planificación. O deseño das tarefas será aberto para que poidan ser abordadas dende diferente nivel de dificultade en función da competencia de cada neno e nena.

As actividades propostas deberían supoñer sempre un reto para o alumnado e mobilizar diferentes competencias na súa realización. A estas idades serán variadas e a súa duración debe estimarse en función do interese que susciten podendo modificarse en función das necesidades do grupo.

Desenvolveranse actividades atendendo aos diferentes agrupamentos: colectivas en gran grupo, pequeno grupo e individuais. Tamén propoñeremos actividades iniciais ou de motivación, de desenvolvemento e finais.

Actividades en gran grupo:

Observación do tempo atmosférico.

Observación do calendario: día da semana, mes e número, día festivo ou laborable.

Traballos de lectura e escritura: identificación do nome do encargado/a, recoñecemento da inicial, comparación de nomes curtos e longos, comparación da letra inicial coas dos outros nenos e nenas, busca de palabras coa mesma letra inicial ou final.

Escritura dos títulos dos textos lidos.

Debuxos de personaxes de contos.

Conversa sobre un tema concreto, vivencias persoais, tema da secuencia didáctica ou proxecto, observando imaxes motivadoras, materiais, audicións, etc.

Resolución de problemas.

Respectar a quenda de palabra nunha conversa, normas de convivencia sociais e de cortesía.

Actividades de comprensión de textos literarios tradicionais, clásicos, de autor.

Xogos da linguaxe oral: poesías, adiviñas, trabalinguas... etc.

Dramatización e seriación de contos.

Realización de agrupamentos, seriacións, clasificacións...de diversos materiais.

Asociación de grafas numéricas a diferentes grupos de obxectos. Cuantificación.

Experimentación con diversos materiais e técnicas plásticas: aguadas, acuarelas, témperas, etc.

Actividades colectivas de psicomotricidade: desprazamentos, equilibrios, control de movementos, relaxación, xogos con distintos materiais (aros, pelotas, cordas, colchonetas), respectando as regras do xogo... etc.

Actividades de organización espacial con respecto a si mesmos ou a un obxecto.

Visualización de documentación da rede.

Visionado de curtas de animación.

Actividades en pequeno grupo, actividades nas zonas de aprendizaxe:

Xogo simbólico: casiña, bonecos, supermercados...

De construcións: puzzles, ensartar, bloques lóxicos, pezas de construción...

Biblioteca: lectura de contos, folletos, láminas, fotografías, secuencias didácticas...

Expresión artística: modelado en plastilina, coloreado con pinturas,

Achegamento á lingua escrita: escritura no ordenador, trazado de letras, lectura de textos de uso social, escrituras atendendo ás diversas etapas, traballo con letras móbiles...

Lóxica-matemática.

Realización de instalacións.

Xogo libre.

Actividades en parellas. Utilizaremos este tipo de agrupamento e metodoloxía sobre todo para potenciar a interacción entre iguais, fomentando a discusión e a argumentación:

-Observación e discriminación dos seus nomes.

-Observación e discriminación nos nomes dos compañeiros/as.

-Escritura, atendendo ás distintas etapas, dos nomes dos compañeiros/as ou de palabras moi significativas, protagonistas dos contos...

-Proposta e escritura de títulos de contos coñecidos con escrituras convencionais ou non.

-Proposta e escritura de títulos para diferentes producións artísticas.

-Xogar partidas de dados anotando o resultado.

-Xogar partidas de xogos de mesa: cartas, dominós

-Ordenación das tarxetas de palabras do título de contos coñecidos.

-Lectura de xornais e escritura de pés de fotos.

-Observación de folletos e rótulos publicitarios e asociación de debuxos cos seus nomes.

-Escritura de palabras significativas, listados...

-Uso do teclado do ordenador para escribir pequenos listados ou textos.

-Traballo con letras móbiles e tarxetas de palabras.

Actividades individuais

Estas actividades serán sobre todo de consolidación dos contidos desenvolvidos. Serán impresas, de manipulación, de creación, e elaboradas pola titora para reforzar ou ampliar as aprendizaxes ou de execución en papel. Adaptaranse ao nivel e ritmo de cada alumno/a, serán propostas abertas que poidan ser abordadas dende diferente nivel de dificultade e desempeño.

ORGANIZACIÓN DO AMBIENTE DE APRENDIZAXE: ESPAZO E TEMPO.

ESPAZO

Estableceremos diversos espazos para posibilitar que o alumnado desenvolva ao mesmo tempo tarefas diferentes: zonas da biblioteca, das construcións, de xogo simbólico, etcétera, como espazos confortables que inviten a desenvolver actividades neles, e contando con material axeitado e ao seu alcance.

-Garantiremos a flexibilidade na organización dos espazos.

-Preveremos que o alumnado dispoña de lugares propios e de uso común para compartir, para estar sós ou para xogar e relacionarse cos demais, espazos para actividades que requiren unha certa concentración e espazos amplos que faciliten o movemento.

-Para dinamizar os tempos de falar e as conversas en grupo preveremos un espazo onde o alumnado poida ver as expresións faciais e os xestos de todas as persoas mentres se dialoga.

O espazo está distribuído nas seguintes zonas:

Zona de traballo: formada por mesas e cadeiras. Aquí o traballo é individual ou en gran grupo para reforzar os contidos traballados e expostos de forma grupal. Tamén se organiza nesta zona un espazo reservado para o traballo en pequeno grupo e parella.

Zona de perchas no corredor: onde os nenos e nenas colgan a súa roupa e gardan as mochilas. Cada neno e nena ten unha percha asinada.

Zona da biblioteca e das letras: este espazo está destinado ao uso, manexo, descubrimento, exploración de todo o que teña relación coas letras, textos escritos, contos orais e escritos. Tamén forman parte de este recanto as tarxetas cos seus nomes e distintos materiais: letras magnéticas, letras de madeira, de papel e tamén libros elaborados polo alumnado en anteriores propostas didácticas.

Neste recanto funciona o servizo de préstamo de libros: un día á semana o alumnado levará para a casa un libro elixido libremente, o luns terá que traelo de volta. Levaremos un rexistro de préstamo dos libros. Para iso cada neno e nena terá que realizar un dobre rexistro: da escolla que realiza para non repetir o libro elixido e nunha folla onde

ten que realizar a escritura do título, a data, o seu nome e dar a súa opinión persoal despois da lectura.

Zona do xogo simbólico: este recanto foi programado pensando na necesidade que teñen os nenos e nenas de experimentar roles, imitar condutas dos maiores¿Neste recanto temos como material cociña, utensilios de cociña, supermercado, monecos,¿

Zona de lóxica-matemática: sendo en moitas ocasións o espazo do pequeno grupo. Este recanto ten como obxectivo utilizar os números para cuantificar obxectos, identificar graffas, realizar seriacións, manipular xogos que levan a un pensamento lóxico-matemático. Para isto contamos con materiais como: dados, regras, barallas, cintas métricas, recta numérica, cadrante do cen, números de cartolina, tapas de plástico, magnéticos, bloques lóxicos, construcións de diferentes tamaños, dominós, crebacabezas¿

Zona de construcións: con bloques de diferentes materiais e tamaños para experimentar co equilibrio, o peso, o tamaño, interactuar, coches...

Zona de plástica: este recanto está deseñado para que os alumnos e alumnas poñan en funcionamento a súa imaxinación e creatividade nas súas propias producións: plastilina, moldes, rolos etc., acuarelas, pinturas, ceras, rotuladores, cartolinas, folios brancos

TEMPO

Estableceremos unhas rutinas claras na distribución do tempo, xa que estas contribúen á creación dun ambiente de seguridade. Ver cadro de distribución de rutinas diarias.

Organizaremos o tempo baixo presupostos de flexibilidade.

É importante considerar un tempo para falar da experiencia vivida, poñendo especial énfase nos procesos vividos e non tanto nos produtos obtidos. Así mesmo deberase ter en conta que as nenas e os nenos necesitan un tempo de transición entre unha actividade e a seguinte.

Planificaremos períodos estables, diarios e semanais, posibilitando así a secuenciación e planificación das propostas educativas e a integración das secuencias temporais tanto da escola como da súa vida cotiá. Quedará aberta a posibilidade de acoller e presentar variacións en relación aos intereses e ás necesidades do alumnado.

EXEMPLIFICACIÓN DUNHA XORNADA AULA

Entrada, acollida (saúdo)

Rutinas: encargado, cantos somos?, quen falta? Calendario (día,mes)

Rexistro por parte do encargado

Planificación do traballo.

Inicio do traballo en pequeno grupo

Recollida, baño e lavamos as mans

Merenda

Recreo

Entrada

Lectura conto (Plan lector)

Traballo en pequeno grupo

Propostas libres ou dirixidas nas zonas.

Recollida

Hixiene de mans

Saída

Materiais e recursos

Seleccionaremos materiais variados para a estimulación das nenas e nenos.

Os materiais terán fácil acceso e visualización por parte do alumnado para que sexan un respaldo das actividades e promovan a aprendizaxe.

Estará ben organizado e ao alcance dos nenos e nenas. Esta presenza visual suxerirá actividades e favorecerá a autonomía.

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e consecuentemente ás características individuais do alumnado.

Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vencello coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo.

Partindo da idea de que en Educación Infantil calquera recurso pode converterse en didáctico segundo as necesidades e accesibilidade (sempre e cando reúnan as condicións de seguridade) a modo de orientación establecemos a seguinte clasificación:

RECURSOS HUMANOS

- Mestras titoras.

- 1 Mestra de Apoio con función de apoio na aula, animación á lectura e educación emocional.

- 1 Mestra Especialista en Inglés.

- 1 Mestra Especialista en Relixión
- 1 Mestre especialista en educación física
- 1 Mestre de PT
- 1 Mestre de AL
- Familias dende o fogar mediante a participación nos diferentes proxectos ou actividades que se realizan no centro.

RECURSOS MATERIAIS

Espazos: Aulas de Nivel, aula de apoio, aula de psicomotricidade, patios de Recreo, horto escolar, contorna do Centro.
 Informáticos: Pizarras interactivas, Programas Informáticos, Conexión a Internet, Ordenadores, tablet.
 Dotacións das Aulas. Biblioteca de aula, Xogos simbólicos, Puzzles, Xogos de Lóxica-Matemática, Xogos de Palabras, Materiais de debuxo, escritura, pintura, collage e modelado, etc.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ferramentas tecnolóxicas: ordenadores de aula, tablet, panel interactivo, conexión a internet, auriculares, altofalantes, robots, ...
Material funxible: ceras duras e brandas, rotuladores, rotuladores de pizarra branca, témperas sólidas, acuarelas, pintura de dedos, lápices e lápices de cores, punzóns, almofadas, texoiras, pegamentos, ...
Material visual: carteis, bits, láminas, material de elaboración docente, ...
Biblioteca de centro, de aula, libros, contos, álbumes...
Material curricular
Material artístico: pinturas, pinceis, botes para pintar, plastilina, pasta branca, papeis de distinto tipo (celofán, crepé, de seda, charol, de cores, cartolina, ...), goma eva, refugallo, pompóns, gomets e adhesivos diversos, kamisibai, títeres...
Material de psicomotricidade: estruturas de gomaespuma, cordas, balóns, táboas de equilibrio, aros, canastra infantil, pelotas canguro, pelotas de espuma, pequeno paracaídas, bolos, discos voadores, pelotas cometa, conos clásicos, conos chinos, picas, zancos, saquiños, ladrillos, bancos suecos, diana infantil, túnel de gateo.....
Material non estruturado: de refugallo, elementos naturais, pezas soltas...
Material de xogo simbólico: cociña e cacharriños diversos, banco de traballo con ferramentas, bonecas, cunas, sillas de paseo, carriño da compra, maletín do médico, maletín de perruquería, vehículos, ...
Comunidade educativa (alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas, etc)
Comunidade educativa (alumnado, persoal docente e non docente, familias) e calquera persoa que interveña na vida do centro (visitas, etc)
Quebracabezas, dominós, construcións diversas, xogos específicos de lóxica-matemática, pizarra branca, pizarras individuais, letras e números magnéticos, ensartes, pinchos, xoguetes diversos para a motricidade fina, ...

Seleccionaremos materiais variados para a estimulación das nenas e nenos.

Os materiais terán fácil acceso e visualización por parte do alumnado para que sexan un respaldo das actividades e promovan a aprendizaxe.

Estará ben organizado e ao alcance dos nenos e nenas. Esta presenza visual suxerirá actividades e favorecerá a autonomía.

Os materiais curriculares axeitaranse aos tipos de contidos, ás características e necesidades específicas de cada contexto educativo e consecuentemente ás características individuais do alumnado.

Estarán presentes nas aulas elementos do medio natural e sociocultural que favorezan o vencello coa identidade do alumnado e creen un ambiente significativo.

Partindo da idea de que en Educación Infantil calquera recurso pode converterse en didáctico segundo as necesidades e accesibilidade (sempre e cando reúnan as condicións de seguridade) a modo de orientación

establecemos a seguinte clasificación:

RECURSOS HUMANOS

- Mestras titoras
- 1 Mestre de Apoio con función de apoio na aula, animación á lectura e educación emocional
- 1 Mestre Especialista en Inglés
- 1 Mestre Especialista en Relixión
- 1 Mestre especialista en educación física
- Familias dende o fogar mediante a participación nos diferentes proxectos ou actividades que se realizan no centro.

RECURSOS MATERIAIS

Espazos: aulas de nivel, aula de apoio, aula de psicomotricidade, patios de recreo, horta escolar, contorna do centro.

Informáticos: pizarras interactivas, programas Informáticos, conexión a Internet, ordenadores, tablets.

Dotacións das Aulas. biblioteca de aula, xogos simbólicos, quebracabezas, xogos de lóxica-matemática, xogos de palabras, materiais de debuxo, escritura, pintura, collage e modelado, etc.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Será entendida como proceso que leva implícito unha serie de acordos para a posterior planificación do proceso educativo baseado na análise, tanto das competencias clave do alumnado como das necesidades do grupo, na primeira unidade do curso se levará a cabo a avaliación inicial ou diagnóstica a través de:

- Observación directa, sistemática e rexistrada da participación do alumnado nas actividades e propostas didácticas.
- Análise das producións plásticas, escritas, musicáis, etc realizadas polo alumnado
- Información aportada polas familias ou titores legais na entrevista inicial.
- Diagnóstico do estado físico, emocional, coñecementos previos e limitacións de cada alumna e alumno

Suliñar o factor preventivo da avaliación inicial na atención á diversidade, tanto como medio para a identificación temprana das necesidades educativas como para proceder á aplicación das medidas que se consideren necesarias.

Todo isto levarasev a cabo através de:

- Entrevista ás familias dos nenos/as
- Informe individual da adaptación á escola dos nenos de novo ingreso.
- Valoración individual síntese dos datos recollidos na entrevista e a través da observación.
- Observación e rexistro dos seus coñecementos previos ó inicio de cada secuencia didáctica ou proxecto.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación están marcados pola consecución dos criterios para cada unidade segundo as táboas de indicadores que se elaborarán seguindo a escala de estimación: sen dificultade, en proceso, con dificultade de forma que, o alumno/a obterá a súa cualificación en función do grado de consecución observado polo maestro/a.

A avaliación é continua e formativa e lévase á práctica através de:

registros realizados a través da observación na aula , nos diferentes recantos, no tempo de xogo libre, no traballo

colectivo, no traballo individual: nivel de participación, iniciativa, etc.
Informes ás familias ao final de cada trimestre.

Criterios de recuperación:

Este apartado non procede nesta etapa.

6. Medidas de atención á diversidade

Cada neno ou nena é unha persoa única e irreplicable, coa súa propia historia, afectos, motivacións, necesidades, intereses, estilo cognitivo, sexo, et. Isto esixe que a escola ofrezca respostas adecuadas a cada un. É necesario que o titor ou titora, considerando e respectando as diferenzas persoais, planifique o seu traballo de forma aberta, diversa, flexible e positiva, para que ao levarse á práctica, permita acomodarse a cada persoa, potenciando ademais os diversos tipos de intereses que aparecen en nenos e nenas cando se centran máis en propostas dun ou doutro estilo: experimentación, comunicación, motórica, expresión.

A atención á diversidade abordarase con carácter preventivo e compensador, introducindo as medidas necesarias tan pronto se presenten as necesidades.

As estratexias de actuación abordaranse a través dos seguintes enfoques:

a) Dende a avaliación inicial.

No mes de setembro cada titora realizará unha valoración de cada alumno/a respecto ao seu regreso á escola, á súa evolución e circunstancias persoais atendendo a diversos fronts:

b) Dende a programación.

En base á información recabada elaboraranse as programacións de ciclo, nivel e aula contemplando a diversidade do grupo. Levarase a cabo unha avaliación procesual que permita introducir posibles cambios á medida que se vaian detectando necesidades.

c) Dende a metodoloxía, empregaranse os seguintes recursos:

-Actividades de reforzo e ampliación.

-Flexibilización dos tempos para a realización das actividades.

-Uso de materiais heteroxéneos que favorezan a motivación e a aprendizaxe.

-Actividades de psicomotricidade que incidan na relaxación.

-Propostas didácticas complementarias.

d) Manterase unha coordinación docente que facilite a continuidade do proceso educativo interniveis e interetapas.

e) Establecerase unha relación estreita coas familias a fin de facilitar estratexias de actuación coordinadas:

A participación activa no proceso educativo dos pais e nais é totalmente decisiva, por un lado pola valiosa información que poden subministrar acerca da evolución e interaccións do seu fillo/a dentro e fóra do ambiente familiar, e polo outro polo reforzo tan positivo que poden exercer no desenvolvemento do neno/a cando se produce un bo entendemento e colaboración.

Ás veces é difícil conseguir que as familias confíen desde o primeiro momento toda a información cando o neno/a presente algún atranco, polo que amosaremos unha actitude de boa acollida cara estes nenos e nenas e xeraremos un clima de seguridade e confianza coas familias para que faciliten toda a información posible, ó tempo subministraremoslles o asesoramento necesario para lograr unha actuación conxunta e axeitada ás necesidades.

En resumo:

-Basearémonos en principios inclusivos, integradores e non discriminatorios.

-Adaptaremos o traballo ás características persoais, necesidades, intereses e estilos e ritmos de aprendizaxe de cada neno/a.

-Traballaremos de forma coordinada co Departamento de Orientación para atender os casos de alumnado con N.E.A. E.

-Estableceremos canles de colaboración e participación activa coas familias do noso alumnado fomentando o concepto inclusivo da escola.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Desenvolvemento afectivo e xestión emocional		X	X				
ET.2 - Hábitos de control corporal.		X					
ET.3 - Pautas elementais de convivencia e relación social.	X	X		X			X
ET.4 - Coidado da contorna e dos seres vivos.					X	X	
ET.5 - Educación para o consumo responsable.			X		X		
ET.6 - Educación igualitaria e libre de estereotipos		X		X			X

Observacións:

Entre os temas transversais que teñen unha presenza máis relevante nesta etapa destacamos:

Desenvolvemento afectivo e xestión emocional

Pretende o desenvolvemento moral da persoa, como parte fundamental da construción do autoconcepto, así como educar para a convivencia no pluralismo mediante un esforzo formativo.

Hábitos de control corporal.

Este contido parte dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental, individual, social e ambiental. Traballarase este valor a través das rutinas diarias de hixiene persoal, lavado de mans e autonomía á hora de ir ao baño así como promovendo hábitos de alimentación saudables.

Pautas elementais de convivencia e relación social.

O obxectivo é que o neno e nena comprendan que a construción da paz é tarefa de todos, para iso, fomentaremos a resolución pacífica de conflitos a través do dialogo e de actividades concretas na aula.

Coidado da contorna e dos seres vivos.

As grandes cuestións da educación ambiental céntranse no descubrimento do medio natural e no desenvolvemento de actitudes favorables para protexelo e conservalo.

Educación para o consumo responsable.

Parte da reflexión sobre as actitudes dos nenos e nenas, que deben empezar a distinguir entre aquilo que realmente necesitan (a roupa, a comida, o transporte, etc.) e aquilo do que poden prescindir facilmente. Poñeremos en práctica as 3R (reciclar, reducir e reutilización de materiais).

Educación igualitaria e libre de estereotipos

Preséntase a muller en situacións iguais ás do home, tanto no ámbito da escola coma no do traballo e noutros contextos cotiáns, mediante un esforzo formativo. Traballaremos a expresión dos sentimentos e emocións en ambos os sexos, a construción dun autoconcepto adecuado, evitando a asignación de roles, estereotipos, valores e comportamentos sexistas etc.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de persoa experta.	Invitaremos, na medida do posible, a unha persoa familiar do alumnado para que actúe como experto na materia que estamos a traballar.	X	X	X
Contacontos	Ó longo do curso teremos algún contacontos relacionado co proxecto que estamos a traballar.	X	X	X
Saída de campo.	Realizaremos saídas para afondar no traballo na aula.	X	X	X
Saída de fin de curso	Actividade lúdica para descubrir a contorna e para conmemorar o final de curso.			X
Proxectos medioambientais	Se poderá participar en proxectos baseados na recuperación e defensa da natureza.	X	X	X
Conmemoracións e festas	A comunidade educativa planificaremos e participaremos en distintas celebracións e conmemoracións ao longo do curso.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Deseño das actividades adecuadas ao alumnado
Elementos curriculares presentes nas actividades.
Instrumentos de avaliación eficaces e adecuados.
Contémplanse todas as NEAE no deseño das actividades.
Utilízase diversidade de materiais para accederá información, para expresarse e para fomentar a motivación.
Promóvese o desenvolvemento de diferentes capacidades e habilidades.
Temporalización de actividades adecuada.
Empréganse diversos recursos didácticos.
Existe coordinación co equipo docente.
Promóvese a participación das familias.
A avaliación do alumnado utilízase para modificar o proceso de ensinanza aprendizaxe.
Tivéronse en conta os intereses do alumnado no deseño de actividades e propostas.
Individualización do proceso ás características de cada alumna/o.

Descrición:

Todos os indicadores de logro teranse en conta para recoller información sobre o proceso posibilitando modificacións e melloras.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Haberá un seguimento a través da aplicación Proens dende a coordinación de ciclo en infantil ao rematar cada trimestre.

9. Outros apartados